



Comunícolle que vostede figura na listaxe de clientes proporcionada pola empresa **Sibucu 360, S.L.**, en relación coas redes de alerta **CCAAINF-2/2020**, **CCAAINF-3/2020**, **CCAAINF-4/2020** e **CCAAINF-7/2020**, descritas no anexo deste requirimento.

Ademais das máscaras de protección distribuídas por Sibucu 360, S.L., no anexo deste requirimento figuran outros modelos incluídos tamén na rede de alerta, sen prexuízo dos demais produtos de protección alertados.

Infórmo de que a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, establece que "as empresas distribuidoras teñen o deber de distribuír unicamente produtos seguros, polo que non os subministrarán cando saiban, ou deberían saber, pola información que posúen e como profesionais, que non cumpren tal requisito" (artigo 18.2). Ademais "... as empresas produtoras ou distribuidoras de produtos, ou prestadoras de servizos, adoptarán, dentro do límite das súas respectivas actividades, todas as medidas adecuadas para neutralizar o risco; en particular, aquelas dirixidas a informar os consumidores ... sen necesidade de que sexan requiridos para iso polas autoridades competentes ..." (artigo 18.3).

De acordo cos artigos 3 e 11 da Lei 11/2004, do 19 de novembro, de inspección de consumo de Galicia, deberá remitir ao IGCC, no prazo de **5 días hábiles**, a seguinte documentación/información en relación con todas as máscaras de protección descritas no anexo deste requirimento:

- **Última factura de compra** ou documento no que se indique a identidade do seu provedor (resaltando o artigo que está en alerta).
- Data de inicio da comercialización e, se é o caso, de finalización. Deberá indicar se o distribuidor lle informou de que o produto non é seguro.
- **Número de unidades** das que dispoñen, se é o caso.
- Se accede ou non á retirada voluntaria do produto. En caso afirmativo, deberá achegar **xustificación documental** que acredite o seu destino. Para isto pode optar por:
 - . A **devolución ao provedor**, que poderá acreditar mediante albarás, nota de devolución...
 - . A **destrución**, que poderá acreditar mediante un certificado de destrución expedido por un centro xestor de residuos autorizado.
- **Listaxe de clientes** en España e na UE aos que llo vendeu onde especifique claramente os seus datos (denominación do cliente, enderezo completo e NIF/CIF). Deberá poñerse en contacto con eles (de forma que quede constancia do contido da comunicación e da súa recepción por parte dos clientes) informándolles das medidas adoptadas. Deberá xustificar como contactaron e cantas unidades lles retiraron a cada establecemento.
- Se non puidese identificar os clientes, **deberá colocar no establecemento un aviso** no que informe do risco do produto, exposto durante polo menos 15 días, e achegamos proba que o acredite (por ex. unha fotografía). **Non se pode expoñer como aviso este requirimento nin o seu anexo.**

Comunícolle que se incumpre este requirimento dentro do prazo sinalado, poderá abrírselle un expediente sancionador por obstrución á inspección (art. 11.1 da Lei 11/2004) e que, segundo o artigo 81.1 da Lei 2/2012, considerarase infracción leve.

Por outra banda, infórmo de que facilitar información falsa, inexacta ou enganosa, constitúe infracción grave en materia de defensa dos consumidores segundo o establecido no artigo 82.2 da Lei 2/2012.

Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 3.4 da citada Lei 11/2004, "a carencia de toda ou parte da documentación regulamentaria esixida, a súa defectuosa levanza ou a negativa a subministrala, cando afecte fundamentalmente á determinación dos feitos imputados ou á cualificación destes, estimarase como presunción de infracción, agás proba en contrario".

Asinado de forma electrónica pola Inspección de Consumo.



ANEXO:

PRODUTOS EN REDE DE ALERTA

Número da alerta:	CCAAINF-2/2020
Identificación do produto:	"MASCARILLA DE PROTECCIÓN "DONGGUAN HUAGANG COMMUNICATION TECHNOLOGY", sin marca, KN95/FFP2"
Páxina web para consultar a rede de alerta:	https://www.mscbs.gob.es/consumo/redAlertas/productosAlertados/home.htm



Número da alerta:	CCAAINF-3/2020
Identificación do produto:	"MASCARILLA DE PROTECCIÓN "DONGGUAN MAU GEE INDUSTRIAL", sin marca, KN95/FFP2"
Páxina web para consultar a rede de alerta:	https://www.mscbs.gob.es/consumo/redAlertas/productosAlertados/home.htm






Número da alerta:	CCAAINF-4/2020
Identificación do produto:	"MASCARILLA DE PROTECCIÓN "DONGGUAN MAU GEE INDUSTRIAL", sin marca, KN95/FFP2"
Páxina web para consultar a rede de alerta:	https://www.mscbs.gob.es/consumo/redAlertas/productosAlertados/home.htm



Número da alerta:	CCAAINF-7/2020
Identificación do produto:	"MASCARILLA DE PROTECCIÓN "SHENZHEN VITEK ELECTRONICS", sin marca, KN95/FFP2"
Páxina web para consultar a rede de alerta:	https://www.mscbs.gob.es/consumo/redAlertas/productosAlertados/home.htm





Número da alerta:	CCAAINF-5/2020
Identificación do produto:	"MASCARILLA DE PROTECCIÓN, marca TOMASHI, tipo KN95/FFP2. CB: 8437020932141 en caja y 6947585800011 en envase plástico individual"
Páxina web para consultar a rede de alerta:	https://www.msccbs.gob.es/consumo/redAlertas/productosAlertados/home.htm



Número da alerta:	CCAAINF-6/2020
Identificación do produto:	"MASCARILLA KN95 FOLDING PROTECTIVE"
Páxina web para consultar a rede de alerta:	https://www.msccbs.gob.es/consumo/redAlertas/productosAlertados/home.htm






Número da alerta:	CCAA/177/2020
Identificación do produto:	"MASCARILLA DE PROTECCIÓN, marca INUAN, tipo KN95, ref. 200301"
Páxina web para consultar a rede de alerta:	https://www.msccbs.gob.es/consumo/redAlertas/productosAlertados/home.htm



Número da alerta:	CCAA/178/2020
Identificación do produto:	"MASCARILLA DE PROTECCIÓN, marca PURVIGOR, tipo KN95/FFP2, lote 20200316. CB: 6973129750016"
Páxina web para consultar a rede de alerta:	https://www.msccbs.gob.es/consumo/redAlertas/productosAlertados/home.htm





Número da alerta:	CCAA/179/2020
Identificación do produto:	"MASCARILLA DE PROTECCIÓN, marca ELITE, tipo FFP3/KN95, modelo ELITE RESPIRATOR EB09.049"
Páxina web para consultar a rede de alerta:	https://www.mscbs.gob.es/consumo/redAlertas/productosAlertados/home.htm



Número da alerta:	CCAA/180/2020
Identificación do produto:	"MASCARILLA DE PROTECCIÓN KN95/FFP2, marca SHUYIAN"
Páxina web para consultar a rede de alerta:	https://www.mscbs.gob.es/consumo/redAlertas/productosAlertados/home.htm





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5, baixo
15707 Santiago de Compostela
Tel.: 981 544 512 Fax: 981 544 599
consumo.xunta.gal



INSTITUTO
GALEGO DO
CONSUMO E DA
COMPETENCIA



Número da alerta:	CCAA/181/2020
Identificación do produto:	"MASCARILLA DE PROTECCIÓN BUTTERFLY TYPE, marca MOLOVEN, modelo MY002, tipo KN95"
Páxina web para consultar a rede de alerta:	https://www.msrebs.gob.es/consumo/redAlertas/productosAlertados/home.htm



Xacobeo 2021